



# EXPO-MAR

2024

un punto de referencia *NO MUNDO DO MAR*

XXXI XORNADAS TÉCNICAS | XXV ENCONTRO EMPRESARIAL | ✦ FEIRA MONOGRÁFICA 2025

## COMUNICADO DE PRENSA

15 de abril de 2024

### EXPOMAR CELEBRARÁ AS SÚAS XORNADAS TÉCNICAS E O ENCONTRO EMPRESARIAL O 8 E 9 DE MAIO

As XXXI Xornadas Técnicas e o XXV Encontro Empresarial de Expomar celebraranse entre o mércores 8 e o xoves 9 de maio no porto de Burela (Lugo).

A Fundación Expomar presenta unha nova edición das súas **Xornadas Técnicas e Encontro Empresarial**, que se celebrarán o 8 e 9 de maio no porto de Burela para abordar os novos retos e dificultades que afronta o sector pesqueiro.

O foro será como sempre aberto ao público no salón de actos da Confraría de Pescadores de Burela a partir das 16:30h tanto do mércores 8 como do xoves 9 de maio. Como xa é habitual nas últimas edicións, as xornadas tamén se poderán seguir en liña desde a web [www.expomar.com](http://www.expomar.com).

As Xornadas Técnicas 2024 contarán coa participación do conselleiro do Mar da Xunta de Galicia, *Alfonso Villares*, que inaugurará o evento acompañado pola presidenta da Fundación Expomar e alcaldesa de Burela, *Carmela López*.

A primeira xornada titúlase “**Xestión pesqueira**”, está especialmente dirixida aos profesionais do sector e contará coas intervencións de *Isabel Artime*, secretaria xeral de pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación MAPA; *Pedro Galache*, xefe de unidade de Gardacostas e Programas internacionais EFCA (Unión Europea); *Julio Valeiras*, técnico do Centro Oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía (IEO); e *Daniel Voces*, director gerente de Europeche.

A segunda xornada celébrase baixo o título “**Sustentabilidade e saúde**” para tratar temas de interese xeral para todos os públicos e contará coas intervencións de *Basilio Otero*, presidente da Federación Nacional de Confrarías e patrón maior da Confraría de Pescadores de Burela; *Rosaura Leis*, catedrática de pediatría da Universidade de Santiago de Compostela e membro da Fundación Dieta Atlántica;

JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'BRAIS' / Xerente Fundación Expomar / 610574188 / xerencia@expomar.com



# EXPO-MAR 2024

un punto de referencia *NO MUNDO DO MAR*

XXXI XORNADAS TÉCNICAS | XXV ENCONTRO EMPRESARIAL | FEIRA MONOGRÁFICA 2025

## COMUNICADO DE PRENSA

15 de abril de 2024

*Juan Revenga*, popular dietista-nutricionista da Universidade de Navarra; e *Antonio Nieto*, xerente de Pesca España.

As dúas xornadas estarán este ano moderadas por senllos xornalistas que cobren a información do sector pesqueiro, como *Xusto López Carril*, da Radio Galega, e *Anxo Rodríguez*, director do programa 'Vivir o Mar' de Televisión de Galicia.

A clausura das Xornadas Técnicas 2024 será ao redor das 7 da tarde do xoves e correrá a cargo da presidenta da Fundación Expomar e alcaldesa de Burela, Carmela López.

### ENCONTRO EMPRESARIAL

Pola súa banda, o xoves 9 de maio pola mañá celebrarase a 25ª edición do **Encontro Empresarial de Organizacións Pesqueiras**, que reúne cada ano ás entidades máis representativas do sector pesqueiro a nivel nacional.

A reunión dos representantes da frota terá lugar nas instalacións de Armadores de Burela e ao finalizar o evento, como cada ano, faranse públicas as conclusións tomadas durante a reunión.

JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'BRAIS' / Xerente Fundación Expomar / 610574188 / xerencia@expomar.com